

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS CORRESPONDENTE A 2017

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) CORRESPONDENTE A 2017

I. INTRODUCCIÓN

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a través da (Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público) no uso das competencias que lle atribúe o artigo 111 do DL 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o TRLFO, auditou as contas anuais do CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2017, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual terminado en dita data.

A sociedade de auditoría UTE III GAP-AUDICON: GRUPO DE AUDITORES PUBLICOS, S.A.P. (GAP) -AUDITORES, CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P. (AUDICON) en virtude do contrato subscrito coa Consellería de Facenda, a proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado anterior. En dito traballo aplicouse por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Norma Técnica sobre colaboración con auditores privados na realización de auditorías públicas do 11 de abril de 2007.

A Directora do CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) é responsable da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 1 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsable do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material.

As contas anuais as que se refire o presente informe foron formuladas polo CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) con data 31 de marzo de 2018 e foron postas a disposición da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

A información relativa ás contas anuais queda contida no documento adxunto.

II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. Ditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter una seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ó efectuar ditas valoracións de riscos, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.

Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e do razoado das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.

III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA (BUGALICIA) a 31 de decembro de 2017, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondente ó exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables e orzamentarios contidos no mesmo.

UTE III GAP-AUDICON GRUPO DE AUDITORES PUBLICOS SAP
AUDITORES, CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES SLP

f/ María Ángeles Martínez López

12 de abril de 2018

CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

CONTAS ANUAIS 2017

ÍNDICE

A. CONTAS ANUAIS.....	4
1. Balance.....	4
2. Conta do resultado económico patrimonial.....	4
3. Estado de liquidación do orzamento.....	5
3.1. Liquidación do orzamento de gastos.....	5
3.2. Liquidación do orzamento de ingresos.....	5
3.3. Resultado orzamentario.....	5
B. MEMORIA	6
1. Organización	6
1.1. Norma de creación da entidade.....	6
1.2. Órganos de goberno e representación.....	6
1.3. Funcións e actividades.....	7
1.4. Normativa.....	8
1.5. Descrición das principais fontes de ingresos.....	9
1.6. Consideración fiscal da entidade.....	9
2. Estado operativo	9
3. Información de carácter financeiro.....	10
3.1. Cadro de financiamento.....	10
3.2. Remanente de tesourería.....	12
3.3. Tesourería.....	12
4. Información sobre a execución do gasto público	14
4.1. Modificacións de crédito.....	14
4.2. Remanentes de crédito.....	14
4.3. Clasificación funcional do gasto.....	14
4.4. Execución de proxectos de investimento.....	15
4.5. Contratación administrativa.....	15
4.6. Transferencias e subvencións.....	16
4.7. Convenios.....	16
4.8. Persoal.....	18
4.9. Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento.....	19
4.10. Anticipos de tesourería.....	19
4.11. Obrigacións de orzamentos cerrados.....	19
4.12. Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.....	20
5. Información sobre a execución do ingreso público	21
5.1. Proceso de xestión.....	21
5.2. Devolucións de ingresos.....	21
5.3. Transferencias e subvencións recibidas.....	21
5.4. Taxas, prezos públicos, prezos privados e outros ingresos.....	22
5.5. Aplicación do remanente de tesourería.....	22
5.6. Dereitos a cobrar de orzamentos pechados.....	22
5.7. Desenvolvemento dos compromisos de ingreso.....	22
6. Gastos con financiamento afectado.....	22
7. Información sobre o inmovilizado non financeiro	23
7.1. Inmovilizado inmaterial.....	23
7.2. Inmovilizado material.....	24
8. Información sobre os investimentos reais.....	25

9. Información sobre o endebedamento	25
9.1. Avals	25
10. Existencias	25
11. Bases de presentación e normas de valoración.....	25
11.1. Bases de presentación das contas anuais	25
11.2. Distribución de Resultados	26
11.3. Normas de Valoración	26



A. CONTAS ANUAIS

1. BALANCE

Nº CONTAS	ACTIVO	EX 2017	EX 2016	Nº CONTAS	PASIVO	EX 2017	EX 2016
	A) INMOBILIZADO	142.638,96 €	48.531,78 €		A) FONDOS PROPIOS	440.566,64 €	763.594,38 €
	II. Inmobiliacións inmateriais	131.093,76 €	36.337,21 €		III. Resultados de exercicios anteriores	763.594,38 €	714.472,59 €
212	2. Propiedade industrial	569,99 €	569,99 €	120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	763.594,38 €	714.472,59 €
215	3. Aplicacións informáticas	832.659,69 €	832.659,69 €		IV. Resultados do exercicio	2	-323.027,74 €
219	6. Inmobiliado inmaterial	359.885,62 €	243.014,20 €	129			49.121,79 €
(281)	7. Amortizacións	-1.062.021,54 €	-1.039.906,67 €		D) ACREDORES A CURTO PRAZO	110.947,26 €	205.631,93 €
	III. Inmobiliacións materiais	9.545,20 €	10.194,57 €		I. Proveedores		
225	Otras instalacións	2.814,34 €	2.814,34 €		III. Acredores	8	110.947,26 €
226	3. Mobiliario	38.110,91 €	38.110,91 €		1. Acredores orzamentarios		205.631,93 €
227,229	4. Outro inmovilizado	29.234,61 €	25.894,53 €	40	4. Administracións públicas		2.193,47 €
(282)	5. Amortizacións	-60.614,66 €	-56.625,21 €	475,476,477			770,44 €
	V. Invetimentos financeiros permanentes	2.000,00 €	2.000,00 €				108.753,79 €
	3. Fianzas e depósitos constituídos a L/P	2.000,00 €	2.000,00 €				204.861,49 €
	VI. Activos por impuesto diferido	0,00 €	0,00 €				
	C) ACTIVO CIRCULANTE	408.874,94 €	920.694,53 €				
	II. Debedores	14,55 €	-0,02 €				
43	1. Debedores orzamentarios		0,00 €				
44	2. Debedores non orzamentarios	14,55 €	0,00 €				
48	Periodificaciónes a corto prazo	0,00 €	0,00 €				
57	IV. Tesourería	388.247,26 €	679.879,39 €				
480, 580	V. Axustes por periodificación	20.613,13 €	240.815,16 €				
	TOTAL XERAL(A+B+C)	551.513,90 €	969.226,31 €		TOTAL XERAL(A+B+C+D+E)	551.513,90 €	969.226,31 €

2. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL

Nº CONTAS	DEBE	EX 2017	EX 2016	Nº CONTAS	HABER	EX 2017	EX 2016
	A) GASTOS				B) INGRESOS		
	1. Gastos de funcionamento dos servicios e prestacións sociais	-5.266.134,90 €	-5.052.306,59 €		1. Ingresos de xestión ordinaria	38.934,36 €	35.276,93 €
	a) Gastos de persoal			705	b) Prestacións de servicios	5	38.934,36 €
640,641	a.1) Soldos ,salarios e asimilados	-165.486,16 €	-164.290,36 €		2. Outros ingresos de xestión ordinaria		
642,644	a.2) Cargas sociais	-49.831,61 €	-48.657,42 €		f) Outros xuros e ingresos asimilados		
68	c) Dotacións para amortización de inmovilizado	-26.104,32 €	-13.527,31 €	769	f.1) Outros xuros		361,50 €
	e) Outros gastos de xestión			768	g) Diferencias positivas de cambio		42.326,28 €
62	e.1) Servicios exteriores	-5.022.658,48 €	-4.787.928,54 €		3. Transferencias e subvencións	5	
63	e.2) Tributos	-2.047,36 €	-1.372,30 €	750	a) Transferencias Correntes		4.861.485,02 €
	f) Gastos financeiros e asimilables				4. Ganancias e ingresos extraordinarios		
669	f.1) Por Débedas	0,00 €	-4.471,66 €		c) Outros ingresos e benef. Exerc.ant.		0,00 €
668	h) Diferencias negativas de cambio	-6,97 €	-27.127,42 €	778			1.741,24 €
	3. Perdas e gastos extraordinarios	0,00 €	-4.931,58 €				
671	Pérdidas procedentes Inm. Material	0,00 €	-3.010,92 €				
679	Gastos e perdas outros exercicios	0,00 €	-1.920,66 €				
	AFORRO		49.121,79 €		DESAFORRO	-323.027,74 €	

3. ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

3.1. Liquidación do orzamento de gastos

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	CRÉDITOS ORZAMENTARIOS			GASTOS COMPRMTDS.	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	REMNTS. DE CRÉDITO	PAGAMENTO	OBRIG. PDTES DE PAGO O 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIVO					
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSOAL	249.809,02 €	472,03 €	250.281,05 €	215.317,77 €	215.317,77 €	34.963,28 €	201.462,24 €	13.855,53 €
ARTIGO 10	ALTOS CARGOS E DELEGADOS	51.765,98 €	0,00 €	51.765,98 €	52.283,77 €	52.283,77 €	-517,79 €	49.146,53 €	3.137,24 €
ARTIGO 13	LABORAIS	148.978,43 €	51,01 €	149.029,44 €	113.202,39 €	113.202,39 €	35.827,05 €	108.053,75 €	5.148,64 €
ARTIGO 16	COTAS, PRESTACIÓNS E GASTOS SOCIAIS	49.064,61 €	421,02 €	49.485,63 €	49.831,61 €	49.831,61 €	-345,98 €	44.261,96 €	5.569,65 €
CAPÍTULO II	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	4.781.137,77 €	-4.192,51 €	4.776.945,26 €	4.760.820,73 €	4.760.820,73 €	16.124,53 €	4.671.491,91 €	89.328,82 €
ARTIGO 20	ALUGAMENTOS E CANONS	4.712.422,54 €	-3.720,48 €	4.708.702,06 €	4.708.232,82 €	4.708.232,82 €	469,24 €	4.621.038,56 €	87.194,26 €
202	ALUGAMENTOS	16.346,05 €	0,00 €	16.346,05 €	15.876,81 €	15.876,81 €	469,24 €	15.093,76 €	783,05 €
209	CANONS	4.696.076,49 €	-3.720,48 €	4.692.356,01 €	4.692.356,01 €	4.692.356,01 €	0,00 €	4.605.944,80 €	86.411,21 €
ARTIGO 21	REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN	11.191,51 €	-472,03 €	10.719,48 €	9.567,14 €	9.567,14 €	1.152,34 €	9.246,49 €	320,65 €
212	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	4.609,95 €	0,00 €	4.609,95 €	4.000,63 €	4.000,63 €	609,32 €	3.679,98 €	320,65 €
216	EQUIPAMENTOS PARA PROCESOS INFORMATICOS	6.581,56 €	-472,03 €	6.109,53 €	5.566,51 €	5.566,51 €	543,02 €	5.566,51 €	0,00 €
ARTIGO 22	MATERIAL, SUMINISTRACIÓN E OUTROS	54.523,72 €	0,00 €	54.523,72 €	42.694,15 €	42.694,15 €	11.829,57 €	40.880,24 €	1.813,91 €
220	MATERIAL DE OFICINA	5.050,00 €	-2.500,00 €	2.550,00 €	1.782,52 €	1.782,52 €	767,48 €	1.782,52 €	0,00 €
221	SUBMINISTRACIÓNS	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	3.418,78 €	3.418,78 €	1.581,22 €	3.418,78 €	0,00 €
222	COMUNICACIÓNS	2.600,00 €	0,00 €	2.600,00 €	2.309,22 €	2.309,22 €	290,78 €	2.309,22 €	0,00 €
224	PRIMAS DE SEGUROS	819,58 €	0,00 €	819,58 €	681,92 €	681,92 €	137,66 €	681,92 €	0,00 €
225	TRIBUTOS	800,00 €	2.500,00 €	3.300,00 €	1.978,68 €	1.978,68 €	1.321,32 €	1.978,68 €	0,00 €
226	GASTOS DIVERSOS	19.054,14 €	0,00 €	19.054,14 €	10.805,22 €	10.805,22 €	8.248,92 €	9.587,56 €	1.217,66 €
227	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	21.200,00 €	0,00 €	21.200,00 €	21.717,81 €	21.717,81 €	-517,81 €	21.121,56 €	596,25 €
ARTIGO 23	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓNS DE SERVIZO	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €	326,62 €	326,62 €	2.673,38 €	326,62 €	0,00 €
230	AXUDAS DE CUSTO	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	160,02 €	160,02 €	1.339,98 €	160,02 €	0,00 €
231	LOCOMOCIÓN	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	166,60 €	166,60 €	1.333,40 €	166,60 €	0,00 €
233	OUTRAS INDEMNIZACIÓNS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	1.295,13 €	1.295,13 €	204,87 €	1.295,13 €	0,00 €
ARTIGO 35	XUROS DE DEMORA E OUTROS GASTOS FINANCIEROS	1.500,00 €	0,00 €	1.500,00 €	1.295,13 €	1.295,13 €	204,87 €	1.295,13 €	0,00 €
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	5.000,00 €	116.871,42 €	121.871,42 €	120.211,50 €	120.211,50 €	1.659,92 €	112.521,63 €	7.689,87 €
ARTIGO 62	INVESTIMENTO NOVO ASOCIADO Ó FUNC. OPERATIVO	5.000,00 €	0,00 €	5.000,00 €	3.340,08 €	3.340,08 €	1.659,92 €	2.682,98 €	657,10 €
ARTIGO 64	GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL	0,00 €	116.871,42 €	116.871,42 €	116.871,42 €	116.871,42 €	0,00 €	109.838,65 €	7.032,77 €
TOTAL		5.037.446,79 €	113.150,94 €	5.150.597,73 €	5.097.645,13 €	5.097.645,13 €	52.952,60 €	4.986.770,91 €	110.874,22 €

3.2. Liquidación do orzamento de ingresos

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA	EXPLICACIÓN	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS			DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	RECADACIÓ NETA	DEREITOS CANCELADOS	DEREITOS PENDENTES DE COBRO O 31 DE DECEMBRO
		INICIAIS	MODIFICAC.	DEFINITIVO				
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.037.446,79 €	-137.027,41 €	4.900.419,38 €	4.900.419,38 €	4.900.419,38 €	0,00 €	0,00 €
ARTIGO 41	DA ADMINISTRACIÓ XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	37.289,66 €	1.644,70 €	38.934,36 €	38.934,36 €	38.934,36 €	0,00 €	0,00 €
	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS	37.289,66 €	1.644,70 €	38.934,36 €	38.934,36 €	38.934,36 €	0,00 €	0,00 €
ARTIGO 43	DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTIDADES PÚBLICAS	31.273,98 €	1.990,09 €	33.264,07 €	33.264,07 €	33.264,07 €	0,00 €	0,00 €
432.10	INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA	31.273,98 €	1.990,09 €	33.264,07 €	33.264,07 €	33.264,07 €	0,00 €	0,00 €
ARTIGO 44	DE SOCIEDADES PÚBLICAS E OUTROS ENTES PÚBLICOS	4.968.883,15 €	-140.662,20 €	4.828.220,95 €	4.828.220,95 €	4.828.220,95 €	0,00 €	0,00 €
444	DE UNIVERSIDADES PUBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	4.968.883,15 €	-140.662,20 €	4.828.220,95 €	4.828.220,95 €	4.828.220,95 €	0,00 €	0,00 €
	UDC - Universidade da Coruña	1.326.437,85 €	-24.682,11 €	1.301.755,74 €	1.301.755,74 €	1.301.755,74 €	0,00 €	0,00 €
	USC - Universidade de Santiago de Compostela	2.070.328,60 €	-83.634,03 €	1.986.694,57 €	1.986.694,57 €	1.986.694,57 €	0,00 €	0,00 €
	UVigo - Universidade de Vigo	1.572.116,70 €	-32.346,06 €	1.539.770,64 €	1.539.770,64 €	1.539.770,64 €	0,00 €	0,00 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00 €	250.178,35 €	250.178,35 €	250.178,35 €	250.178,35 €	0,00 €	0,00 €
ARTIGO 87	REMANENTE DE TESOURARÍA	0,00 €	250.178,35 €	250.178,35 €	250.178,35 €	250.178,35 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		5.037.446,79 €	113.150,94 €	5.150.597,73 €	5.150.597,73 €	5.150.597,73 €	0,00 €	0,00 €

Na liquidación do orzamento, co obxecto de conciliar coa información contable da conta de resultado económico-patrimonial, debe terse en conta que no orzamento non se consideraron: as diferenzas positivas de cambio, xa incluídas no gasto, nin os intereses bancarios.

3.3. Resultado orzamentario

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS	IMPORTES
1. Operacións non financeiras	4.900.419,38 €	5.097.645,13 €	-197.225,75 €
2. Operacións con activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
3. Operacións comerciais	0,00 €	0,00 €	0,00 €
I. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	4.900.419,38 €	5.097.645,13 €	-197.225,75 €
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €	0,00 €	0,00 €
III. SALDO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (I+II)			-197.225,75 €
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesouraría			250.178,35 €
SUPERAVIT OU DEFICIT DE FINANCIAMENTO DO EXERCICIO (III+4)			52.952,60 €

B. MEMORIA

1. ORGANIZACIÓN

1.1. Norma de creación da entidade

Coa denominación de Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (CBUG) constitúese un consorcio autonómico coa participación da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo.

O CBUG creouse por Resolución do 14 de novembro de 2001, da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, pola que se publicou o convenio de colaboración asinado o 18 de outubro de 2001 (DOG núm. 228 do 26.11.2001). Este Convenio de Colaboración foi renovado por Resolución do 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se publicou o convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006 (DOG núm. 176 do 12.09.2016) para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e dos estatutos do citado consorcio.

Cada ano se asinan addendas ao devandito convenio co obxecto de instrumentar as achegas económicas ao CBUG.

O CBUG é un consorcio autonómico dotado de personalidade xurídica propia e con plena capacidade e independencia respecto dos seus membros para o cumprimento dos seus obxectivos.

Está adscrito organicamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

1.2. Órganos de goberno e representación

O CBUG, segundo os seus estatutos, réxese polos seguintes órganos:

- Consello de Goberno.
- Comisión Técnica.
- Dirección Técnica.

As atribucións do Consello de Goberno son as seguintes:

- a) Aprobación da memoria de xestión do exercicio.
- b) Aprobación de contas e orzamentos.
- c) Aprobación do plan anual de actividades.
- d) Admisión de novos membros do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- e) Nomeamento ou cesamento do director técnico.
- f) Modificación, interpretación e desenvolvemento destes estatutos.
- g) Aprobación dos regulamentos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- h) Acordo de disolución e liquidación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- i) Actos de disposición do patrimonio do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- j) Exercicio de accións xudiciais.
- k) Creación de comisións de asesoramento sobre temas relacionados cos obxectivos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

O presidente do Consello de Goberno representará legalmente o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia nos actos, convenios e contratos nos que deba intervir e perante as autoridades e tribunais de toda clase, para o cal poderá outorgar os apoderamentos que considere oportuno.

A Comisión Técnica é o órgano de administración, proposta e asesoramento, coas facultades que lle asigne o Consello de Goberno.

A Comisión Técnica estará integrada por:

- O presidente do Consello de Goberno, que será tamén presidente da Comisión Técnica.
- Os directores de biblioteca das universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- O director técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Son atribucións da Comisión Técnica:

- A proposta do programa global de actividades.
- A proposta do orzamento, tarifas e cadro de persoal.
- A proposta de revisión do orzamento.
- O informe da memoria de xestión e balance do exercicio anterior.
- A proposta de admisión de novos membros.
- A proposta de modificación de estatutos.
- A proposta de regulamentos do CBUG.
- A proposta de exercicio de accións xudiciais.
- A creación de grupos de traballo de apoio técnico.

A Dirección Técnica é o órgano encargado da execución dos acordos e do cumprimento dos obxectivos marcados polo Consello de Goberno así como das tarefas de xestión e planificación do CBUG no marco dos acordos adoptados polo Consello de Goberno.

O director técnico desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Dirección e coordinación das actividades do CBUG.
- b) Elaboración e presentación da memoria de xestión e rendición de contas do exercicio anterior.
- c) Elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- d) Proposta e execución do plan anual de actividades.
- e) Análise técnica de admisión de novos membros no CBUG.
- f) Proposta de regulamentos de operación do CBUG.
- g) Proposta de operacións de crédito destinadas a cubrir necesidades de tesouraría.
- h) Contratación de persoal.
- i) Xestión de pagamentos e ingresos de acordo co orzamento.
- j) Dirección do persoal do CBUG así como contratacións de obras, bens e servizos.
- k) Establecer contactos con terceiras institucións e organismos para levar a cabo os obxectivos do CBUG dándolle conta ao Consello de Goberno.
- l) Manter informado ó presidente dos temas que, excedendo as súas atribucións, pola súa urxencia, poidan afectar a consecución dos obxectivos marcados polo Consello de Goberno.
- m) Propoñerlle á Comisión Técnica a creación de grupos de traballo de apoio técnico.
- n) Calquera outra función que lle sexa delegada expresamente polo Consello de Goberno.

1.3. Funcións e actividades

O CBUG ten como obxectivo fundamental a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria, coas finalidades definidas nos seus estatutos fundacionais:

1. Creación e xestión do catálogo colectivo das bibliotecas do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, de maneira que se incremente a efectividade da investigación e da ensinanza ao aumentar os recursos bibliotecarios dispoñibles de forma inmediata.
2. Incremento da produtividade científica ao mellorar o acceso da comunidade universitaria integrada no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ás coleccións bibliográficas existentes a través da información bibliográfica e do préstamo interbibliotecario.

3. Mellora dos servizos bibliotecarios e aforro dos custos na catalogación, ao compartir recursos xa existentes, especialmente rexistros bibliográficos e de autoridades.
4. Experimentación e fomento da aplicación de novas tecnoloxías da información aos servizos bibliotecarios e potenciación da formación tecnolóxica do persoal que traballa nas bibliotecas.
5. Creación e xestión do servizo de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais.
6. A xa mencionada adquisición de recursos documentais, ben sexa mediante o establecemento de plans cooperativos de adquisicións e/ou de contratos de subministración de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres universidades.
7. Conexión a redes nacionais e internacionais.
8. Elaboración de estudos xerais sobre as necesidades bibliográficas comúns.
9. Colaboración noutras iniciativas que xurdan de cooperación interbibliotecaria e de catálogos colectivos, especialmente no ámbito galego.
10. Calquera outra iniciativa de cooperación interbibliotecaria que poida xurdir e posibilite ou mellore outros servizos das bibliotecas do Consorcio de Bibliotecas

1.4. Normativa

A actividade do CBUG está suxeita ás normas que rexen a organización, o funcionamento e a actuación das administracións públicas, así como ao establecido no seu convenio de creación e no seu estatuto.

Resolución do 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia, pola que se publicou o convenio de colaboración asinado o 3 de xullo de 2006 (DOG núm. 176 do 12.09.2016) entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Innovación e Industria, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Comunicación da Presidencia da Xunta de Galicia, a Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e dos estatutos do citado consorcio.

Entre a normativa que lle é de aplicación podemos destacar a seguinte:

Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

O réxime xurídico do CBUG, como entidade pública, rexerase por estes estatutos, os regulamentos que o desenvolvan e, de maneira supletoria:

- a) Pola lexislación de aplicación ás universidades, en especial, a organización e funcionamento dos seus órganos de goberno.
- b) Pola normativa que regule os dereitos de propiedade intelectual.
- c) Pola lexislación que sobre bibliotecas e consorcios de bibliotecas poida ditarse no futuro.

O consorcio ten a consideración de Administración instrumental, e, polo tanto, debe aplicárselle o dereito administrativo e estará sometido á xurisdición contencioso-administrativa. Concretamente deberá aplicar a normativa que en cada caso se indica para as seguintes materias:

- a) En materia de persoal: normativa sobre función pública ou convenio colectivo da Xunta de Galicia e demais normativa laboral para a cobertura de postos de persoal laboral.
- b) En materia de contratación administrativa: Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (BOE núm. 276 do 16.11.2011). Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG núm. 17 do 27.01.2014), e demais leis que resulten de aplicación
- c) En materia económico-financeira e orzamentaria: Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e demais leis que resulten de aplicación.



1.5. Descrición das principais fontes de ingresos

Para a realización dos seus obxectivos o CBUG financiarase cos seguintes recursos:

- A Xunta de Galicia e as universidades do sistema universitario de Galicia contribuirán ao financiamento do CBUG.
- Achegas, subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo recibidas de institucións públicas ou privadas ou de particulares, logo de acordo do Consello de Goberno.
- Cotas de utilización de usuarios.
- Calquera outra que lle corresponda percibir.
- As achegas económicas dos membros do consorcio para os seguintes anos de duración do convenio serán fixadas en reunión do Consello de Goberno e comunicadas nunha addenda ao convenio, á intervención de cada un dos organismos membros do consorcio para a súa fiscalización.

1.6. Consideración fiscal da entidade

Respecto ao Imposto de Valor Engadido, as cotas soportadas non deducibles considéranse maior gasto ou investimento, segundo proceda, do exercicio.

O CBUG está exento do Imposto sobre Sociedades. Tal exención non alcanza aos rendementos obtidos polo exercicio de explotación económica, ou por cesión ou por incremento de patrimonio, nin tampouco aos rendementos sometidos a retención.

2. ESTADO OPERATIVO

O estado operativo que recolle as obrigas recoñecidas en contraposición cos dereitos recoñecidos segundo a súa clasificación económica, preséntase a continuación:

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE
Persoal	215.317,77	Taxas, prezos e outros ingresos	
Gastos correntes	4.760.820,73	Transferencias correntes	4.900.419,38
Gastos financeiros	1.295,13	Ingresos patrimoniais	
Gastos capital	120.211,50		
TOTAL	5.097.645,13	TOTAL	4.900.419,38
Resultado orzamentario	-197.225,75		
Total	4.900.419,38	Total	4.900.419,38

3. INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCEIRO

3.1. Cadro de financiamento

APLICACIONS	2017	2016	ORIXES	2017	2016
1. Recursos aplicados nas operacións			1. Recursos procedentes das operacións		
a) Gastos de Persoal	215.317,77	212.947,78	1. Ingresos de gestión ordinaria	38.934,36	35.276,93
b) Servizos exteriores	5.022.658,48	4.787.928,54	2. Outros ingresos de gestión ordinaria	42.687,78	1.096,67
c) Tributos	2.047,36	1.372,30	3. Transferencias y subvenciones	4.861.485,02	5.063.313,54
h) Gastos financeiros e diferencias de cambio	6,97	31.599,08	4. Ganancias e ingresos extraordinarios	0,00	1.741,24
i) Outras perdas de xestión corrente e gastos excepcionais	0,00	1.920,66			
2. Gastos de establecemento e formalización de débedas			2. Achegas de accionistas		
3. Adquisicións de Inmobilizado			a) Ampliacións de capital		
a) Inmobilizacións intanxible	116.871,42	36.838,33	b) Compensación para perdas		
b) Inmobilizacións materiais	3.340,08	3.226,96	3. Subvencións de capital		
c) Inmobilizacións financeiras					
c1) Empresas do grupo			4. Débedas a largo prazo		
c2) Empresas asociadas			a) Empréstitos e outros pasivos análogos		
c3) outras inversións financeiras			b) De empresas do grupo		
4. Adquisicións de accións propias			c) De empresas asociadas		
5. Redución de capital			d) De outras débedas		
6. Dividendos			e) De provedores de inmovilizado e outros		
7. Cancelación ou traspaso a c/p de débeda a l/p			5. Enaxenación de inmovilizado		
a) Empréstitos e outros pasivos análogos			a) Inmobilizacións inmateriais		
b) De empresas do grupo			b) Inmobilizacións materiais		
c) De empresas asociadas			c) Inmobilizacións financeiras		
d) De outras débedas			c1) Empresas del grupo		
e) De provedores de inmovilizado e outros			c2) Empresas asociadas		
8. Provisións para riscos e gastos			c3) outras inversións financeiras		
9.- Activo por Impuesto diferido	0,00	-1.824,66	6. Enaxenación de acciones propias		
			7. Cancelación anticipada ou traspaso a c/p de inmóvil. Financeiras		
			a) Empresas del grupo		
			b) Empresas asociadas		
			c) Outras inversións financeiras		
TOTAL APLICACIONES	5.360.242,08	5.074.008,99	TOTAL ORIXES	4.943.107,16	5.101.428,38
EXCESO DE ORIXES SOBRE APLICACIONES (AUMENTO DO CAPITAL CIRCULANTE)		27.419,39	EXCESO DE APLICACIONES SOBRE ORIXES (DISMINUCION DO CAPITAL CIRCULANTE)	417.134,92	



*CONCILIACIÓN DO RESULTADO CONTABLE COS
RECURSOS PROCEDENTES DAS OPERACIÓNS (en euros)*

	2017	2016
Perdas e Ganancias	-323.027,74	49.121,79
Dotación amortizacións	26.104,32	13.527,31
Perdas na baixa do inmovilizado	0,00	3.010,92
Imposto sobre beneficios		
	-296.923,42	65.660,02

Recursos aplicados en operacións de xestión	5.240.030,58	5.035.768,36
Recursos procedentes de operacións de xestión	4.943.107,16	5.101.428,38
	-296.923,42	65.660,02

VARIACION DO CAPITAL CIRCULANTE	2017		2016	
	AUMENTOS	DISMINUCIONS	AUMENTOS	DISMINUCIONS
1. Accionistas por desembolsos esixidos				
2. Existencias				
3. Debedores	14,57			543.756,39
4. Acredores	94.684,67		242.752,51	
5. Inversións Financeiras Temporais				
6. Accións propias				
7. Tesourería		291.632,13	345.324,77	
8. Axustes por Periodificación		220.202,03		16.901,50
TOTAL VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	94.699,24	511.834,16	588.077,28	560.657,89
		-417.134,92	27.419,39	

3.2. Remanente de tesourería

De acordo co artigo 81 do Decreto 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o remanente de tesourería do CBUG do ano 2016 estará composto pola suma das dispoñibilidades líquidas e mailos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, minorado polas obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a data 31 de decembro de 2016.

CONCEPTOS	AÑO 2017 EUROS		AÑO 2016 EUROS	
1. (+) Dereitos pendentes de cobro		14,55		-0,02
(+) do Presuposto corrente				
(+) de Presupostos Pechados				
(+) de operacións non orzamentarias	14,55		-0,02	
(+) de operacións comerciais				
(-) de dubidoso cobro				
(-) cobros pendentes de aplicación				
2. (-) Obrigas pendentes de pago		110.947,26		205.631,93
(+) do Presuposto corrente	2.193,47		770,44	
(+) de Presupostos Pechados				
(+) Remanentes exercicios Anteriores				
(+) de operacións non orzamentarias				
(+) Administracións Públicas	108.753,79		204.861,49	
(-) pagos pendentes de aplicación				
3. (+) Fondos Líquidos		388.247,26		679.879,39
I.- Remanente de Tesourería (1-2+3)		277.314,55		474.247,44
II.- Remanente de Tesourería afectado		0,00		0,00
III.- Remanente de Tesourería non afectado		277.314,55		474.247,44

Obrigas pendentes de pagamento: 110.947,26 €

- Acredores: 2.193,47 €
- Administración:
 - Liquidación do IVE do 4º Trimestre: 93.443,98 €
 - Outros impostos:
 - IRPF de profesionais: 671,25 €
 - IRPF de alugamentos: 783,05 €
 - IRPF do persoal: 8.285,88 €
 - Seguridade Social de decembro: 5.569,63 €

3.3. Tesourería

De acordo co artigo 87 do Decreto 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, constitúen a Tesourería da Comunidade Autónoma de Galicia tódolos recursos financeiros, sexan diñeiro, valores, créditos e os demais produtos das operacións de endebedamento da Comunidade e dos seus organismos autónomos que se xeren tanto por operacións orzamentarias como extra-orzamentarias.



Deste xeito, a tesourería do CBUG a data de 31/12/2017, componse da dispoñibilidade de fondos en bancos e institucións de crédito: 382.980,22 € na conta do Banco Pastor, 5.065,98 € na conta de Abanca e do efectivo en caixa de gastos (201,06 €) na mesma data.

Movemento durante o ano 2017 da conta bancaria do Banco Pastor:

Saldo inicial a 01/01/2017	674.373,11 €
Sumas do Debe	4.909.234,80 €
Sumas do Haber	5.200.627,69 €
Saldo final a 31/12/2017	382.980,22 €

Movemento durante o ano 2017 da conta bancaria de Abanca:

Saldo inicial a 01/01/2017	5.232,05 €
Sumas do Debe	112.100,69 €
Sumas do Haber	112.266,76 €
Saldo final a 31/12/2017	5.065,98 €

CONCEPTOS	ANO 2017 EUROS	
1. COBROS		4.900.697,63
(+) do Orzamento corrente	4.900.419,38	
(+) de Orzamentos de capital		
(+) de Orzamentos pechados	0,00	
(+) de operacións non orzamentarias	278,25	
(+) saldo extrapresupostario		
(+) saldo partidas pendentes de aplicación		
2. PAGOS		5.192.329,76
(+) do Orzamento corrente	4.986.770,91	
(+) de Orzamentos Pechados	770,44	
(+) de operacións non orzamentarias	204.788,41	
I. Fluxo neto de tesourería do exercicio (1-2)		-291.632,13
3. Saldo inicial da Tesourería		679.879,39
II.- Saldo final de Tesourería (I+3)		388.247,26

4. INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO GASTO PÚBLICO

4.1. Modificacións de crédito

Ao amparo do previsto nos artigos 85.2.b) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e 99.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico autorízase polo Consello da Xunta a modificación das contas de explotación e capital do CBUG con data de 17 de novembro de 2017:

Gastos

Saldos Positivos		
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	+472,03€
CAPÍTULO VI	Investimentos reais	+40.522,16€
Saldos Negativos		
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servicios	-5.834,48€
Neto		+35.159,71€

Ingresos

Saldos Positivos		
CAPÍTULO VIII	Remanente de Tesouraría	+250.178,35€
Saldos Negativos		
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	-215.018,64€
Neto		+35.159,71€

4.2. Remanentes de crédito

O remanente de crédito, por importe de 52.952,60 €, recollido e detallado na clasificado económica, considérase na súa totalidade non comprometido e non incorporable.

4.3. Clasificación funcional do gasto

A actividade do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia englobase no Eixo 1 "Empregabilidade e crecemento intelixente" do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Concretamente dentro da prioridade de actuación "PA.1.1: Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento" e no obxectivo estratéxico "OE 1.1.02: Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega" e se desenvolve no obxectivo operativo "OO03 - Accións de fomento da capacidade investigadora e transferencia de tecnoloxía".

Nesta liña, as actuacións do CBUG teñen a finalidade de favorecer a produción científica que se está a desenvolver en Galicia, principalmente a través do servizo de xestión centralizada na adquisición de recursos electrónicos de información científica, tomando unha mellor posición fronte ao mercado ao permitir acadar acordos de maior envergadura dos que sería posible a nivel individual, como un só ente diante do editor, o que reforza a capacidade de negociación á hora de obter beneficios no trato e unha mellora orzamentaria nos acordos de adquisición ou subministro de información electrónica. Deste xeito establécese como indicador a contratación de recursos electrónicos de investigación científica.



4.3.1 Outros gastos de xestión

O detalle por conceptos deste epígrafe da conta de perdas e ganancias dos exercicios 2017 e 2016 móstrase a continuación:

	2017	2016
	Euros	Euros
Alugamentos	-15.876,81	-15.831,65
Canons	-4.954.884,32	-4.710.856,10
Reparacións e conservación	-9.560,17	-9.734,63
Servizos profesionais	-21.717,81	-32.089,96
Primas de Seguros	-681,92	-796,79
Servizos bancarios e similares	-1.295,13	-1.003,98
Subministros	-3.418,78	-3.441,97
Outros servizos	-15.223,54	-14.173,46
TOTAL	-5.022.658,48	-4.787.928,54

Comprende os gastos do exercicio, incluídas as adquisicións de servizos e de materiais consumibles e outros gastos e perdas do exercicio.

4.4. Execución de proxectos de investimento

Durante o exercicio 2017 non se levou a cabo ningún proxecto de investimento diferente dos propios da actividade do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

4.5. Contratación administrativa

Ao longo do exercicio 2017 a contratación administrativa do Consorcio realizouse conforme ao Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En 2017 o CBUG tramitou 98 procedementos de contratación administrativa, dos que 23 teñen como obxecto a contratación do acceso a recursos electrónicos, e os restantes 75 contratos/gastos menores corresponden con gastos de funcionamento da entidade. Ditos contratos tramitáronse ao abeiro dos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Na execución orzamentaria do exercicio 2017 un 94% do total de gasto destinouse á contratación de recursos de información científica.

BUGalicia é un servizo de xestión integrada da información científica que pon a disposición de grupos de investigación, persoal docente e estudantes un amplo abano de recursos de información científica en liña, entre os que se inclúen bases de datos, revistas electrónicas, libros electrónicos, xestores bibliográficos e ferramentas de xestión, entre outros, que resultan básicos no desenvolvemento dos seus traballos científicos.

Respecto a este tipo de recursos, a Disposición Adicional Novena do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), establece que a subscrición a revistas e outras publicacións, calquera que sexa o seu soporte, así como a contratación do acceso á información contida en bases de datos especializadas, poderán efectuarse, calquera que sexa a súa contía sempre que non teñan o carácter de contratos suxeitos a regulación harmonizada, de acordo coas normas establecidas nesta Lei para os contratos menores.

Segundo os límites establecidos para os contratos de servizos e subministros suxeitos a regulación harmonizada nos artigos 15.1 b) e 16.1 b) do TRLCSP, modificados pola Orde HAP/2846/2015, de 29 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2016 (B.O.E. nº 313 de 31 decembro de 2015), temos dúas tipoloxías de contratos de subministros e servizos: inferiores a 209.000 € que son tramitados como contratos menores, e superiores a 209.000 € que estarían suxeitos a regulación harmonizada.

Seguindo estes criterios, durante o ano 2017, celebráronse os seguintes contratos de recursos electrónicos de información científica:

- 17 contratos menores ao abeiro da Disposición Adicional Novena do TRLCSP.
- 6 contratos negociados sen publicidade ao abeiro do artigo 170 d) do TRLCSP que foron publicados no perfil do Consorcio de Bibliotecas Universitarias da Plataforma de Contratos de Galicia, só 4 están suxeitos a regulación harmonizada:
<http://www.contratosdegalicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=es&cambioldioma=true&N=188>

4.6. Transferencias e subvencións

Durante o exercicio 2017 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia non concedeu transferencia ou subvención algunha.

4.7. Convenios

- a) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE, A SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA, A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA E AS TRES UNIVERSIDADES DE GALICIA PARA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DE CREACIÓN DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA. (3 de xullo de 2006).

Obxecto: O obxecto deste convenio é a renovación do convenio aprobado polo Consello da Xunta de Galicia con data do 11 de outubro de 2001, para a creación do Consorcio de Bibliotecas de Galicia, tendo en conta as modificacións que se producen nos seus estatutos, que se xuntan como anexo, na composición dos seus membros, así como a regulación das achegas económicas e o sistema de pagamento destas.

Duración: Prorrogable por períodos anuais, instrumentándose a prórroga a través da correspondente addenda.

Addenda entre as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia. Asinada con data de 18 de xaneiro de 2017.

Importe: As achegas económicas dos membros do consorcio para os seguintes anos de vixencia do convenio serán fixadas antes de rematar o exercicio anterior a aquel no que vaian ter efecto, en reunión do Consello de Goberno, e instrumentaranse nunha addenda a este convenio. Para o exercicio 2017, a achega global destinada a financiar os gastos é de 336.281,28 euros. Mesmo importe no exercicio 2016.

- b) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA. (28 de maio de 2010).

Obxecto: O presente convenio ten por obxecto a regulación da colaboración da Universidade de Vigo e o Consorcio de Bibliotecas na contratación consorciada dos recursos electrónicos de información científica polas universidades galegas.



Duración: Prorrogable de xeito automático por anualidades.

Importe: A Universidade realizará a transferencia coa cantidade acordada en Consello de Goberno que lle corresponda logo de que o Consorcio lle remita certificación detallando o importe económico que lle corresponda logo de acordo no Consello de Goberno do organismo. Para o ano 2017 a achega foi de 1.427.676,88 € (1.466.461,41 euros no exercicio 2016).

- c) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA. (28 de maio de 2010).

Obxecto: O presente convenio ten por obxecto a regulación da colaboración da Universidade de Santiago e o Consorcio de Bibliotecas na contratación consorciada dos recursos electrónicos de información científica polas universidades galegas.

Duración: prorrogable de xeito automático por anualidades.

Importe: a Universidade realizará a transferencia coa cantidade acordada en Consello de Goberno que lle corresponda logo de que o Consorcio lle remita certificación detallando o importe económico que lle corresponda logo de acordo no Consello de Goberno do organismo. Para o ano 2017 a achega foi de 1.874.600,81 € (2.027.563,10 euros no exercicio 2016).

- d) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A XESTIÓN DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA. (12 de xuño de 2012).

Obxecto: O presente convenio ten por obxecto a regulación da colaboración da Universidade de Santiago e o Consorcio de Bibliotecas na contratación consorciada dos recursos electrónicos de información científica polas Universidades galegas.

Duración: Prorrogable de xeito automático por anualidades.

Importe: A Universidade realizará a transferencia coa cantidade acordada en Consello de Goberno que lle corresponda logo de que o Consorcio lle remita certificación detallando o importe económico que lle corresponda logo de acordo no Consello de Goberno do organismo. Para o ano 2017 a achega foi de 1.189.661,98 € (1.202.193,99 euros no exercicio 2016).

- e) ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA E CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA O ALOXAMENTO DE SERVIDORES VIRTUAIS. (23-NOVEMBRO-2012).

Obxecto: O obxecto do presente acordo é o aloxamento na plataforma de virtualización da Fundación CESGA do/s servidor/es virtual/virtuais.

Duración: Prorrogable de xeito automático por anualidades.

Importe: A cantidade aboada en 2017 foi de 4.200 € (IVE non incluído). Mesmo importe no exercicio 2016.

- f) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DO MAR PARA A XESTIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA Ó CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS. (16-MARZO-2017).

Obxecto: O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e a CMRM para a xestión conxunta de recursos electrónicos de información científica ao Centro de Investigacións Mariñas, que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Duración: O prazo de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Importe: A CMRM achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 47.110,58 €. (IVE incluído)



g) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA E O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA PARA A XESTIÓN CONXUNTA DE RECURSOS ELECTRÓNICOS DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA. (15-FEBREIRO-2017).

Obxecto: O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre BUGalicia e o Instituto Galego de Calidade Alimentaria na xestión e a posta a disposición dun amplo abano de recursos de información científica en liña, que resultan básicas para o desenvolvemento do traballo científico.

Duración: O prazo de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Importe: O Instituto Galego de Calidade Alimentaria achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 33.264,07 €.

4.8. Persoal

O número medio de empregados durante o exercicio e a 31 de decembro, distinguindo por categorías e sexos.

O número medio de empregados durante 2017 foi:

Categoría profesional	Nº medio empregados		
	Homes	Mulleres	Total
Director Técnico	-	1	1
Encargado administrativo	-	1	1
Programador	1	-	1
Técnico Superior Informático	1	-	2
Xestor de documentación	-	1	1
	2	3	5

O número medio de empregados durante 2016 foi:

Categoría profesional	Nº medio empregados		
	Homes	Mulleres	Total
Director Técnico	-	1	1
Encargado administrativo	-	1	1
Programador	1	-	1
Técnico Superior Informático	1	-	2
Xestor de documentación	-	1,11	1,11
	2	3,11	5,11

A composición deste epígrafe da conta de perdas e ganancias dos exercicios 2017 e 2016 son os seguintes:

	2017	2016
	Euros	Euros
Soldos e salarios	-165.486,16	-164.290,36
Seguridade social	-49.831,61	-48.657,42
Outros gastos sociais	0,00	0,00
	-215.317,77	-212.947,78



- Os membros do órgano de administración e de alta dirección devengaron os conceptos retributivos e importes que a continuación se relacionan:

2017

	EUROS
Retribucións Devengadas polo persoal de Alta Dirección	52.283,77
Recuperación paga extra 2012	0,00
Dietas devengadas polo persoal de Alta Dirección	0,00
Dietas devengadas polos membros do Órgano de Administración	0,00
Seguros de Vida	
Persoal de Alta Dirección	0,00
Total	52.283,77

2016

	EUROS
Retribucións Devengadas polo persoal de Alta Dirección	50.574,44
Recuperación paga extra 2012	1.772,25
Dietas devengadas polo persoal de Alta Dirección	0,00
Dietas devengadas polos membros do Órgano de Administración	0,00
Seguros de Vida	
Persoal de Alta Dirección	0,00
Total	52.346,69

4.9. Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento

Durante o exercicio 2017 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia non rexistrou operacións pendentes de aplicar o orzamento.

4.10. Anticipos de tesourería

Durante o exercicio 2017 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia non rexistrou anticipos de tesourería.

4.11. Obrigacións de orzamentos cerrados

Durante o exercicio 2017 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia realizou o pagamento de tódalas obrigas de orzamentos pechados que viñan do ano anterior.

4.12. Compromisos de gasto con cargo a orzamentos de exercicios posteriores.

CLASIF. ECON.	OBXECTO	DURACIÓN	Importe de cada anualidade (sen IVE)			
			2018	2019	2020	2021
202	Contrato de aluguer da oficina sede do Consorcio	Plurianual 01/03/2017 - 28/02/2021	12.000 €	12.000 €	12.000 €	2.000 €
209	Contratación do servizo de subscrición á base de datos SCIFINDER de CAS	Plurianual 01/01/2017 - 31/12/2018	\$183.970			
209	Contratación da subscrición ao subministro da colección de revistas electrónicas Wiley Online	Plurianual 01/01/2017 - 31/12/2019	528.691,84 €	539.265,67 €		
209	Contratación da subscrición ao subministro de revistas electronicas ScienceDirect de Elsevier	Plurianual 01/01/2017 - 31/12/2020	2.132.482,83 €	2.178.331,21 €	2.238.235,31 €	



5. INFORMACIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DO INGRESO PÚBLICO

5.1. Proceso de xestión

Os dereitos recoñecidos netos polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia durante o exercicio rematado o 31 de decembro de 2017, atendendo a clasificación económica do ingreso, son os seguintes:

CLASIFIC. ECONOM.	EXPLICACIÓN	DEREITOS RECOÑ.	DEREIT. ANULAD.	DEREITOS REC. NETOS	DEREITOS RECADADOS	DEREITOS PDTE. COBRO A 31 DEC.
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.900.419,38	0,00	4.900.419,38	4.900.419,38	0,00
<i>ARTIGO 41</i>	<i>DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</i>					
	CIMA - Centro de Investigacións Mariñas	38.934,36	0,00	38.934,36	38.934,36	0,00
<i>ARTIGO 43</i>	<i>DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTIDADE PÚBLICAS</i>					
432.10	INGACAL - Instituto Galego da Calidade Alimentaria	33.264,07	0,00	33.264,07	33.264,07	0,00
<i>ARTIGO 44</i>	<i>DE EMPRESAS PÚBLICAS E OUTROS ENTE PÚBLICOS</i>					
	UDC - Universidade da Coruña	1.301.755,74	0,00	1.301.755,74	1.301.755,74	0,00
	USC - Universidade de Santiago de Compostela	1.986.694,57	0,00	1.986.694,57	1.986.694,57	0,00
	UVigo - Universidade de Vigo	1.539.770,64	0,00	1.539.770,64	1.539.770,64	0,00
TOTAIS.-		4.900.419,38	0,00	4.900.419,38	4.900.419,38	0,00

5.2. Devolucións de ingresos

No exercicio 2017 non se produciron devolución de ingresos.

5.3. Transferencias e subvencións recibidas

A distribución do importe dos ingresos correspondente á actividade ordinaria do Consorcio nos exercicios 2017 e 2016 é como segue:

	2017	2016
	Euros	Euros
Prestación de servizos	38.934,36	35.276,93
Transferencias recibidas	4.861.485,02	5.063.313,54
	4.900.419,38	5.098.590,47

As transferencias proceden das achegas recibidas mediante:



- Addenda entre as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Cultura e Turismo, a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta e as tres universidades de Galicia para a renovación do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia
- Convenios de Colaboración para a xestión da contratación conxunta de recursos electrónicos de información científica entre o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Universidade de Santiago / Universidade de Vigo / Universidade da Coruña / O Instituto Galego da Calidade Alimentaria / Centro de Investigacións Mariñas.

5.4. **Taxas, prezos públicos, prezos privados e outros ingresos**

Do total dos ingresos correspondentes a actividade ordinaria do Consorcio, instruméntase mediante a fórmula de prestación de servizos os ingresos do Convenio de Colaboración para a xestión da contratación conxunta de recursos electrónicos de información científica co Centro de Investigacións Mariñas.

5.5. **Aplicación do remanente de tesourería**

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia incorporou 250.178,35 € de remanente de tesourería ao orzamento do exercicio 2017

5.6. **Dereitos a cobrar de orzamentos pechados**

A evolución durante o exercicio 2017 do dereitos a cobrar de exercicios anteriores:

Explicación	Dereitos a cobrar a 01/01/2017	Dereitos cancelados	Dereitos recadados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2017
IV TRANSFERENCIAS CORRENTES				
UDC - Universidade da Coruña	0,0	0,0	0,0	0,0
USC - Universidade de Santiago de Compostela	0,0	0,0	0,0	-0,0
UVigo – Universidade de Vigo	0,0	0,0	0,0	-0,0
TOTAIS	0,0	0,0	0,0	-0,0

5.7. **Desenvolvemento dos compromisos de ingreso**

Os compromisos de gasto futuros serán financiados polos fondos que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia obteña en exercicios futuros. Polo tanto, non existen compromisos de ingreso con cargo a orzamentos de exercicios posteriores ao 31 de decembro de 2017.

6. **GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO**

Durante o exercicio 2017 o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia non recoñeceu gastos con financiamento afectado.



7. INFORMACIÓN SOBRE O INMOBILIZADO NON FINANCEIRO

7.1. Inmovilizado inmaterial

O movemento habido durante os exercicios 2017 e 2016 nas diferentes contas de inmovilizado inmaterial e das súas correspondentes amortizacións acumuladas foi o seguinte:

2017

	Euros					
	Saldo ao 31/12/2016	Adicións (dotacións)	Diminución	BAIXAS	TRASPASOS	Saldo ao 31/12/2017
<i>Custo:</i>						
Propiedade Industrial	569,99	0,00	0,00	0,00	0,00	569,99
Aplicacións Informáticas	832.659,69	0,00	0,00	0,00	0,00	832.659,69
Otro Inmovilizado Inmaterial	243.014,20	116.871,42	0,00	0,00	0,00	359.885,62
TOTAL CUSTO	1.076.243,88	116.871,42	0,00	0,00	0,00	1.193.115,30
<i>Amortización acumulada:</i>						
Amort. AC. Propiedade Industrial	228,92	0,00	0,00	0,00	0,00	228,92
Amort. Ac. Aplicacións Informáticas	832.659,69	0,00	0,00	0,00	0,00	832.659,69
Amort. Ac. Outro Inmovilizado Inmaterial	207.018,06	22.114,87	0,00	0,00	0,00	229.132,93
TOTAL AMORTIZACION	1.039.906,67	22.114,87	0,00	0,00	0,00	1.062.021,54
TOTAL NETO	36.337,21					131.093,76

2016

	Euros					
	Saldo ao 31/12/2015	Adicións (dotacións)	Diminución	BAIXAS	TRASPASOS	Saldo ao 31/12/2016
<i>Custo:</i>						
Propiedade Industrial	569,99	0,00	0,00	0,00	0,00	569,99
Aplicacións Informáticas	871.698,32	0,00	0,00	-1.517,04	-37.521,59	832.659,69
Otro Inmovilizado Inmaterial	61.520,35	36.838,33	0,00	0,00	144.655,52	243.014,20
TOTAL CUSTO	933.788,66	36.838,33	0,00	-1.517,04	107.133,93	1.076.243,88
<i>Amortización acumulada:</i>						
Amort. AC. Propiedade Industrial	228,92	0,00	0,00	0,00	0,00	228,92
Amort. Ac. Aplicacións Informáticas	871.698,32	0,00	0,00	-1.517,04	-37.521,59	832.659,69
Amort. Ac. Outro Inmovilizado Inmaterial	61.416,88	9.813,97	0,00	0,00	135.787,21	207.018,06
TOTAL AMORTIZACION	933.344,12	9.813,97	0,00	-1.517,04	98.265,62	1.039.906,67
TOTAL NETO	444,54					36.337,21

7.2. Inmobilizado material

O movemento habido durante os exercicios 2017 e 2016 nas diferentes contas do inmovilizado material e das súas correspondentes amortizacións acumuladas foi o seguinte:

2017

	Euros					
	Saldo ao 31/12/2016	Adicións (dotacións)	Diminución	BAIXAS	TRASPASOS	Saldo ao 31/12/2017
<i>Custo:</i>						
Outras Instalacións	2.814,34	0,00	0,00	0,00	0,00	2.814,34
Mobiliario	38.110,91	0,00	0,00	0,00	0,00	38.110,91
Equipos Proceso Información	20.842,04	3.340,08	0,00	0,00	0,00	24.182,12
Otro Inmob. Material - Libros	5.052,49	0,00	0,00	0,00	0,00	5.052,49
TOTAL CUSTO	66.819,78	3.340,08	0,00	0,00	0,00	70.159,86
<i>Amortización acumulada:</i>						
Amort. Ac. Outras Instalacións	45,59	281,43	0,00	0,00	0,00	327,02
Amort. Ac. Mobiliario	33.321,83	2080,59	0,00	0,00		35.402,42
Amort. Ac. Equipos Proceso Inform.	19.512,67	1164,86	0,00	0,00	0,00	20.677,53
Amort. Ac. Outro Inmob. Mat. - Libros	3.745,12	462,57	0,00	0,00	0,00	4.207,69
TOTAL AMORTIZACION	56.625,21	3.989,45	0,00	0,00	0,00	60.614,66
TOTAL NETO	10.194,57					9.545,20

2016

	31/12/2015	Aumento	Diminución	BAIXAS	TRASPASOS	31/12/2016
<i>Custo:</i>						
Outras Instalacións	0,00	2.814,34	0,00	0,00	0,00	2.814,34
Mobiliario	40.302,57	0,00	0,00	-2.191,66	0,00	38.110,91
Equipos Proceso Información	32.475,62	412,62	0,00	-1.586,26	-10.459,94	20.842,04
Otro Inmob. Material - Libros	102.258,33	0,00	0,00	-531,85	-96.673,99	5.052,49
TOTAL CUSTO	175.036,52	3.226,96	0,00	-4.309,77	-107.133,93	66.819,78
<i>Amortización acumulada:</i>						
Amort. Ac. Outras Instalacións	0,00	45,59	0,00	0,00	0,00	45,59
Amort. Ac. Mobiliario	33.235,37	2278,12	0,00	-2.191,66		33.321,83
Amort. Ac. Equipos Proceso Inform.	30.651,43	907,44	0,00	-1.586,26	-10.459,94	19.512,67
Amort. Ac. Outro Inmob. Mat. - Libros	88.589,54	482,19	0,00	-531,85	-84.794,76	3.745,12
TOTAL AMORTIZACION	152.476,34	3.713,34	0,00	-4.309,77 (*)	-95.254,70	56.625,21
TOTAL NETO	22.560,18					10.194,57

* Inclúe a cancelación da diferenza da amortización acumulada de exercicios anteriores e levada directamente contra perdas procedentes do inmovilizado.



8. INFORMACIÓN SOBRE OS INVESTIMENTOS REAIS

O Consorcio mantén como activo financeiro a longo prazo, un importe de 2.000,00 euros que consisten nunha fianza depositada como garantía do contrato de aluguer da súa sede.

9. INFORMACIÓN SOBRE O ENDEBEDAMENTO

9.1. Avais

O Consorcio ten formalizado un aval no Banco Popular Español S.A desde o 1 de marzo de 2017 por importe de 12.000 € en concepto de garantía de pago de rendas, recibos e cantidades asimiladas, derivados do contrato de arrendamento das entreplantas A y B sitas na rúa Ramón Piñeiro 9, entreplanta, na cidade de Santiago de Compostela, local onde ten o seu domicilio o Consorcio.

10. EXISTENCIAS

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia non ten existencias.

11. BASES DE PRESENTACIÓN E NORMAS DE VALORACIÓN

11.1. Bases de presentación das contas anuais

11.1.1 Imaxe fiel

- a) As contas anuais foron obtidas dos rexistros contables do Consorcio ao 31 de decembro de 2017, e preséntanse de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado por Orde do 28 de novembro de 2001 e adaptándose ás disposicións legais obrigatorias en materia contable, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do Consorcio.

Estas contas anuais foron formuladas pola dirección técnica do mesmo, e someteranse á aprobación do Consello de Goberno.

- b) Principios contables: Todos os principios da contabilidade pública obrigatorios con incidencia no patrimonio, a situación financeira, da execución do orzamento e os resultados aplicáronse na elaboración destas contas anuais.

11.1.2. Comparación da información

Preséntanse a efectos comparativos as cifras do exercicio 2017 e as correspondentes ao exercicio anterior.

11.2. Distribución de Resultados

A Dirección Técnica do Consorcio presentará ao Consello de Goberno a aprobación da distribución de resultados que se indican a continuación.

	2017	2016
Base de reparto	Euros	Euros
Perdas e Ganancias	-323.027,74	49.121,79
Distribución		
Resultados exercicios anteriores	-323.027,74	49.121,79

11.3. Normas de Valoración

Os criterios contables aplicados en relación coas diferentes partidas son os seguintes:

11.3.1. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real de bens e servizos que representan e con independencia do momento no que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, por principio de prudencia, a entidade unicamente contabiliza os beneficios realizados a data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto son coñecidos.

11.3.2. Inmovilizado material

Os bens comprendidos no inmovilizado material valoráronse ao prezo de adquisición ou custo de produción, tendo en conta as correccións valorativas que deberon efectuarse. O prezo de adquisición inclúe, ademais do importe facturado polo vendedor, tódolos gastos que se produzan ata o momento en que o ben do que se trate se encontre en condicións de funcionamento.

11.3.3. Correccións de valor do inmovilizado material

Amortización: en tódolos casos se deducen as amortizacións practicadas, as cales se establecen sistematicamente en función da vida útil dos bens, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e goce, sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia que puidera afectalos.

11.3.4. Inmovilizado inmaterial

Os diversos elementos comprendidos no inmovilizado inmaterial valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción; aplícanse os criterios establecidos para o inmovilizado material polo que respecta á dotación de amortizacións.

11.3.5. Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigacións orzamentarias

Os dereitos a cobrar orzamentarios figurarán polo importe a percibir. Se é o caso, se realizarán as correccións valorativas que procedan, dotándose as provisións que reflictan o risco de insolvencia con respecto ó cobramento dos dereitos de que se trate.



As obrigacións orzamentarias figurarán polo importe a satisfacer. Este valor, que debe considerarse como a cantidade a pagar no momento do seu vencemento, estará formado polo principal da débeda máis, se é o caso, as retribucións implícitas que se puidesen ter pactado no financiamento da operación.

11.3.6. Diferenzas de cambio en moeda estranxeira

A conversión en moeda nacional dos activos e pasivos en moeda estranxeira farase aplicando o tipo de cambio vixente na data de incorporación ó patrimonio. No momento do peche do exercicio figurarán no balance ó tipo de cambio vixente neste momento.

Se, como consecuencia desta valoración, resultase unha diferenza de cambio positiva ou negativa, cargarase ou aboarase, respectivamente ó resultado do exercicio.

11.3.7. Imposto sobre o Valor Engadido.

O importe soportado non deducible forma parte do prezo de adquisición dos bens de investimento ou do circulante, así como dos servizos que sexan obxecto das operacións gravadas polo imposto.

11.3.8. Transferencias e subvencións recibidas.

As transferencias e subvencións recibidas tanto correntes como de capital, valóranse polo importe recibido.

Estas contas anuais foron formuladas en Santiago de Compostela pola Dirección Técnica a 31 de marzo de 2018.

**A DIRECTORA TÉCNICA
CONSORCIO DE BIBLIOTECAS
UNIVERSITARIAS DE GALICIA**



Asdo.: Bárbara González Núñez